



TRANSPORTE ALUMNADO DE BACHARELATO

Tal e como recolle a normativa actual, o alumnado que cursa o bacharelato non é usuario con dereito a transporte, se ben pode facer uso deste servizo de xeito gratuíto usando a **Tarxeta Xente Nova**, sempre e cando existan prazas vacantes, que dado o incremento do alumnado do centro nestes cursos son moi poucas.

Esta situación trasladouse ás Consellerías de Educación e Mobilidade co fin de que, aínda non estando na obriga de cubrir esta necesidade, fixeran un esforzo por facilitar os desprazamentos do alumnado sen dereito a transporte.

Dende Mobilidade levan tempo buscando alternativas e a día de hoxe o que plantexan é o seguinte:

- Horario de **entrada ao instituto pola mañá (8:30 h)**:
 - Alumnado de **bacharelato residente nas parroquias** poderá usar o transporte habitual coa empresa Monbus se quedan prazas.
 - Alumnado de **bacharelato residente no centro**:
 - Transporte coa empresa LUGOVE (servizo XG859) con parada na DEVESA sobre as 8:00 h, estando en posesión da tarxeta **Xente Nova**. Haberá prazas para 40 persoas.
 - Transporte do Pedras Rubias con MONBUS nas paradas habituais se quedan prazas.
- Horario de **saída do instituto** tanto pola mañá (14:00 h) como pola tarde (18:10h) e horario de **entrada ao instituto pola tarde** (16:30 h): O alumnado de bacharelato poderá empregar as prazas MONBUS que queden baleiras.